OS ORDENADORES

Os ordenadores son **máquinas** que nos permiten realizar moitas tarefas:

- Escribir textos.
- Debuxar.
- Xogar.
- Escoitar música.

ACTIVIDADE: Completa os elementos básicos dun ordenador (CPU, pantalla, rato e teclado):



Diferenciamos entre **ordenadores de sobremesa** e **ordenadores portátiles**.

As **tablets** e os **teléfonos móbiles** tamén son ordenadores. Para utilizalos movemos os dedos pola pantalla en vez de utilizar o rato.

Internet é unha rede formada por ordenadores de todo o mundo que están conectados entre si. **A través de Internet podemos:**

- Comunicarnos.
- Buscar información.
- Ver películas.
- Comprar.
- Xogar con outras persoas.